

Relembranza da infancia

As calmas augas do río

 LAURA CAVEIRO

Segundo a sabedoría oriental, baixo as calmas augas dun río poden moverse, e arras-trarnos até ao fondo, as máis vivas correntes. Esa podería ser unha das impresiões da lectura da última entrega da triloxía das memorias de infancia de Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957). Porque pola súa prosa, asemade fluída e lírica, extraordinario don nun narrador, neste percorrido literario polo pasado que é *As pontes no ceo*, desfilan como actores unha vizosa tipolo-

moria persoal coa colectiva, o ton coral da trama, o clima de fresco histórico formado pola multitude de personaxes que habitan unha vila costeira durante o franquismo, aos que selles deixa expresarse con autenticidade, como se os tivéssemos realmente ao noso lado. E así vivimos a aparición da televisión, o ambiente no café das forzas vivas ou clases activas, o Casino, a tertulia de damas, un delincuente xuvenil de sonoro alcume pirómano na noite de San Xoán, a derradeira despedida entre as cerdeiras na primavera a

tratos de Franco e José Antonio pendurados nas paredes, indianos desenganados como quixotes, unha peixeira asidua dos partidos de fútbol locais, a perenne indumentaria de tons escuros da época, o vello fútbol co lendario Di Stéfano na aliñación, o ecoar do “¡sempre listo!” dos scouts en Pontedeume, a visita a Ferrol vista como encrucillada de vida

**UN UNIVERSO
SENSORIAL E
INMEDIATO QUE
BULE E REBULE NO
DÍAS TRAS DÍA**

de arrogantes rúas, o Pai Breamo entre unha cadea de outeiros, as cartas de Charles Darwin que chegan á casa grande de Cabanas, o Rolls Royce do Generalísimo e o beirro “¡Franco Franco Franco!” nunha inauguración, os foguetes e os mómaros das festas de setembro, un mariñeiro que insufla alma como bailador a unha soberbia xiganta adornada cunha ortensia azul, a cucaña... e máis alá da maldición dos mariñeiros que naufragan en terra, aparecénsenos a ponte no ceo, a que inspira esta crónica que procura a dignidade da xente humilde, cando o cucañeiro Lepempe, marxinal sen nome e apelidos, conta sen tino, recollido no asilo de anciáns, os arcos da Ponte de Pedra.

Como nos dí o propio Fonte no comezo: “A prosa da memoria tamén é invisible. Coma o rostro da verdade.” O universo todo de *As pontes no ceo*, sensorial e inmediato, bule e rebule con nomes e apelidos reais, no día a día e no instante, arreo tratado con suave ironía, até chegar a ser admirado por ser un tempo que, ao afastarse, nos foi ofrecido como a visión da ponte contra o ceo, inmutable e fascinante.

FORTE, Ramiro, As pontes no ceo, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 562 páxinas.

xía humana de impacto emotivo. Canda o florecer da estética, mantense o equilibrio na obra cunha tensión dinámica no fio narrativo que prende ao lector, creándolle a suficiente adición para que siga engaiolado as máis das cincocentas páxinas. Logra dese xeito o autor ser tan eficaz e directo no seu resultado como complexo e elaborado no seu oficio, ao coroar a súa escrita con cumes de subtileza e transparencia até na musicalidade

Se algo sobrancea na novela, é o enfoque panorámico onde conflúe a me-

un membro da familia, un editor e poeta local retornado da Habana, os coches de liña que semellaban o arca de Noé, unha botadura na Bazán, un mestre que comparte días de retiro conventual con Ramón Cabanillas, a conspiración antifranquista na clandestina rebótica republicana, a función teatral en provincias de glorias da escena da capital, o matachín municipal e o manxar das tripas de porco salgadas, os re-

